

## CONGRESO INTERNACIONAL

### “O HOME QUE QUIXO CREAR: LITERATURA, XORNALISMO E CINEMA NA OBRA DE WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ”

*www.fundacionwenceslaoff.com*

A Fundación Wenceslao Fernández Flórez, co apoio da Deputación da Coruña, os Concellos de Cambre e A Coruña e as Universidades de Santiago de Compostela e da Coruña, convoca o **Congreso Internacional “O home que quixo crear: Literatura, xornalismo e cinema na obra de Wenceslao Fernández Flórez”**, que se celebrará na Coruña os días **20 e 21 de outubro de 2016**, e chama á participación a especialistas e investigadores na materia.

O obxectivo do congreso encamiñase cara a unha ampla *relectura* da significación da obra e a personalidade de Wenceslao Fernández Flórez congregando novos puntos de vista acerca da decisiva transcendencia cultural do autor galego en diversos eidos, dando cabida a análises sobre a súa obra literaria, incursións na súa dimensión xornalística ou reflexións sobre as súas determinantes vinculacións cinematográficas, así como á aproximación ao contexto histórico, artístico e cultural no que se desenvolveu a súa obra. Deste xeito, as sesións científicas estruturaránse ao redor de catro áreas / mesas temáticas:

- Mesa de Literatura: A obra literaria de Wenceslao Fernández Flórez.
- Mesa de Xornalismo: Fernández Flórez e a súa dimensión xornalística.
- Mesa de Historia do Cinema: Implicacións fílmicas de Fernández Flórez, adaptacións e influencias.
- Mesa de Historia e Cultura: O contexto histórico de Wenceslao Fernández Flórez e a súa obra.

#### **Chamada a comunicacións:**

Os interesados en participar no congreso deben enviar a súa proposta de comunicación antes do **31 de maio de 2016** á dirección de correo [congresofwff@gmail.com](mailto:congresofwff@gmail.com), facendo constar os seguintes datos:

- Nome e apelidos
- Dirección de correo electrónico
- Institución na que se desenvolven as súas investigacións (de ser o caso)
- Título da comunicación
- Texto-Resumo de non máis de 400 palabras

A aceptación das propostas será comunicada por correo electrónico antes do 30 de xuño. Unha vez aceptada a proposta, o texto completo enviarase antes do **1 de setembro de 2016** á mesma dirección ([congresofwff@gmail.com](mailto:congresofwff@gmail.com)), atendendo ás normas de estilo que se especifican a continuación.

As comunicacións terán unha duración de entre 15 e 20 minutos para a súa exposición pública.

Durante a celebración do congreso todos os traballos seleccionados estarán dispoñibles en versión dixital a través da páxina da Fundación Wenceslao Fernández Flórez. Con posterioridade, serán editadas nun libro da Colección *Cuadernos de Cine y Cultura Española del siglo XX*.

#### Envío de texto completo. Normas de estilo:

1. Os traballos presentaranse en formato Word. O corpo do texto redactarase con tipo de letra Times New Roman, corpo 12 e interliñado 1.5, mentres que as notas irán en corpo 10 con interliñado mínimo. As marxes terán un deseño normal (superior e inferior 2'5cm, dereita e esquerda 3cm).
2. A extensión máxima dos artigos será de 15 páxinas.
3. O artigo deberá estar redactado preferentemente en español ou galego e todas as páxinas deben ir numeradas consecutivamente.
4. As diversas partes do texto deben ordenarse segundo o seguinte formato:
  - A primeira páxina de cada traballo incluirá:
    - a) O **TÍTULO** (maiúsculas e letra grosa) do traballo e descritores ou palabras clave (máximo cinco) en español e inglés.
    - b) Nome (minúsculas) e APELIDOS (maiúsculas) do autor, ou autores, e cualificación académica e/ou profesional.
    - c) Nome e dirección da institución á que pertencen.
    - d) Dirección completa (incluído correo electrónico) do autor responsable para a correspondencia.
    - e) Agradecementos (se os houbese).
  - Cada un dos parágrafos do traballo deberá ir precedido cun sangrado, do mesmo xeito que os epígrafes principais e secundarios.
  - A numeración dos epígrafes (apartados e subapartados), tras o sangrado pertinente, organizarase do seguinte xeito:
    - a) O epígrafe principal, en letra grosa e maiúsculas:  
Exemplo: **1. MEMORIAS**
    - b) O seguinte, en letra grosa e minúsculas:  
Exemplo: **1.1. Memorias en galego**
    - c) O seguinte, en cursiva e minúsculas:  
Exemplo: *1.1.1. Novela*
    - d) O seguinte, en redonda:  
Exemplo: 1.1.1.1. Novela lírica

- Entre epígrafe e epígrafe deixarase unha liña en branco.
5. As notas aparecerán impresas ao pé de páxina. As chamadas das notas no interior do texto indicaranse con numeración correlativa en superíndice.
  6. As citas longas no interior do texto marcaranse cun sangrado de 1cm a dereita e esquerda, sen comiñas, en cursiva e espazo 1.5. Deixarase ao comezo e ao final de cada cita, un espazo en branco.
  7. As citas curtas no interior do texto irán entre comiñas. A omisión de texto dunha cita indicarse mediante tres puntos suspensivos entre corchetes [...]
  8. Poñeranse os signos de puntuación (punto, coma, etc.) despois das comiñas ou das chamadas de nota. Exemplos: "semiótica": e "semiótica"<sup>2</sup>.
  9. Utilizarase cursiva (non comiñas nin subliñado) para resaltar no interior do texto unha palabra ou frase.
  10. O sistema de citas bibliográficas farase ao pé de páxina, do modo seguinte:
    - a) Se é un libro: Nome e apelidos do autor, *Título*, Lugar, Editorial, Ano, páx(s).  
Exemplo: Juan Antonio Bardem, *Y todavía sigue*, Barcelona, Ediciones B, 2002, páx. 33.
    - b) Se é unha revista: Nome e apelidos do autor, "Artigo", en *Título da revista nº*, (Data), páx(s).  
Exemplo: Florentino Hernández Girbal, "Defensa de los directores jóvenes", *Cinegramas nº 48* (11 de agosto de 1934), páx. 24.
    - c) Se é un artigo dun libro: Nome e apelidos do autor, "Título do capítulo" en Nome e apelidos coordinador, director, editor, etc, *Título libro*, Lugar, Editorial, Ano, páx(s).  
Exemplo: Santos Zunzunegui, "Epílogo" en José Luis Castro de Paz, Julio Pérez Perucha e Santos Zunzunegui, *La nueva memoria. Historia(s) del cine español*, A Coruña, Vía Láctea, 2005, páx. 45.
    - d) Se é unha revista dixital: Nome e apelidos, *Título*, enlace internet.  
Exemplo: José Antonio Llera, *Poéticas del humor: desde el Novecentismo hasta la época contemporánea*, <http://revistadeliteratura.revistas.csic.es>.
  11. Ao final do artigo poñeranse as **REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS** (maiúsculas e letra grosa), que serán ordenadas alfabeticamente e segundo o seguinte modelo:
    - a) **Libros:**  
ACEVEDO, Evaristo, *Teoría e interpretación del humor español*, Madrid, Ed. Nacional, 1966.
    - b) **Traballos en volumes colectivos:**  
MILLET VÁZQUEZ, Shaila María, "El amor en las obras de Wenceslao Fernández Flórez", en CARDIA PÉREZ, Eva (ed.), *Actas I Congreso Estudiantil de Literatura Española Contemporánea*, A Coruña, Universidade de A Coruña, 2001.

**c) Artigos:**

HALCÓN VILLALON-DAOIZ, Manuel, "Don Wenceslao Fernández Flórez", en Boletín de la Real Academia Española, T.44, cuaderno 171 (xan.-abr. 1964), páxs. 7-16.

- **MOI IMPORTANTE:** As referencias bibliográficas faranse de forma conxunta, ordenadas alfabeticamente por apelido dos autores, sen distinguir entre libros, traballos en volumes colectivos e artigos en revistas ou xornais.

- Tamén se terá en conta o seguinte:

a) As obras dun mesmo autor deberán consignarse por orde cronolóxica.

b) As direccións das citas de material bibliográfico dispoñible na internet faranse en cursiva, reproducindo a totalidade da dirección URL.

Exemplo:*<http://revistas.ucm.es/index.php/ARAB/article/view/ARAB0909230001E/4113>*

c) Se o traballo citado aínda non se publicou, en lugar do ano deberá poñerse (e.p.: en prensa)

**Datas clave:**

- 31 de maio de 2016: Fin de prazo de recepción de propostas
- 30 de xuño de 2016: Confirmación de propostas aceptadas
- 1 de setembro de 2016: Fin de prazo para a formalización de inscrición
- 1 de setembro de 2016: Fin de prazo de recepción de textos completos
- 20 e 21 de outubro de 2016: Celebración do Congreso

**PREZO DA MATRÍCULA.**

**Asistencia de balde (entregarase diploma con rigoroso control de asistencia).**

**Con comunicación: 30 euros.**

**Con comunicación, estudante ou en paro: 15 euros.**

**O ingreso efectuarase na conta bancaria da Fundación Wenceslao Fernández Flórez: ABANCA**

**(ES03 2080 0046 3130 4001 7229). O recibo do ingreso achegarase no correo electrónico que haberá de enviarse ao congreso ([congresofwff@gmail.com](mailto:congresofwff@gmail.com)), xunto cos datos persoais requiridos.**

É necesario igualmente escribir e facilitar os datos persoais ao congreso para participar como asistente. O pago da matrícula dá dereito ao libro de actas, que se publicará posteriormente ao congreso. O resto dos asistentes poderán adquirilo a un prezo módico.

### Congreso Internacional

#### “O home que quixo crear: Literatura, xornalismo e cinema na obra de Wenceslao Fernández Flórez”

- **Organiza:** Fundación Wenceslao Fernández Flórez.
- **Entidades colaboradoras:** Xunta de Galicia, Deputación da Coruña, Concello de Cambre, Concello da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela, Universidade de A Coruña, Asociación da Prensa da Coruña.
- **Comité Organizador:** Presidente: Xosé María Dobarro Paz. Vicepresidentes: José Luis Castro de Paz, José María Folgar de la Calle e Fidel López Criado. Vogais: Alicia Longueira Moris, Héctor Paz Otero, Natalia Alonso Ramos, Fernando Gómez Beceiro.
- **Comité Científico:** Carmen Becerra (Universidad de Vigo), Juan Cantavella (Universidad San Pablo CEU), Francisco Caudet (Universidad Autónoma de Madrid), Malcom Compitello (University of Arizona), Santiago Daydi-Tolson (University of Texas), Francisco Javier Díez de Revenga (Universidad de Murcia), Ángeles Encinar (Saint Louis University), Antonio Luis Fernández Flórez, Wenceslao Fernández Flórez, Manuel Fernández Sande (Universidad Complutense de Madrid), Fermín Galindo (Universidade de Santiago de Compostela), Alexis Grohmann (University of Edimburgh), Francisco Javier Gutiérrez (Universidade de Santiago de Compostela), Sylvie Hanicourt-Bourdier (Université de Lorrain), José Jurado Morales (Universidad de Cádiz), Margarita Ledo Andión (Universidade de Santiago de Compostela), Teodoro León Gross (Universidad de Málaga), Santiago López Ríos (Universidad Complutense de Madrid), José-Carlos Mainer (Universidad de Zaragoza), Alfredo Martínez Expósito (University of Melbourne), Eftimia Pandis Pavlakis (Universidad Kapodistriaca de Atenas), Pedro Paniagua Santamaría (Universidad Complutense de Madrid), Julio Pérez Perucha (Presidente da Asociación Española de Historiadores del Cine), Domingo de Ródenas Moya (Universitat Pompeu Fabra), Fernando Rodríguez Lafuente (ABC), Santos Sanz Villanueva (Universidad Complutense de Madrid), Michael Scott Doyle (University of North Carolina at Charlotte), Jean-Claude Seguin (Université Luis Lumière Lyon II e Presidente de Honor do Grimh), William Sherzer (Brooklyn College) e Santos Zunzunegui Díez (Universidad del País Vasco).